



PROCEDIMENTO PARA A RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES QUE
CORRESPONDEN AO DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

O departamento de Matemáticas facilitará exercicios de carácter voluntario para orientar a preparación da materia pendente. A entrega destes exercicios feitos, no momento indicado polo seu profesor/a, axudará a superar a materia.

Realizaranse tres exames ao longo do curso;

- PRIMEIRO PARCIAL: No primeiro exame, que se realizará a finais de xaneiro, avaliaranse a metade dos contidos da materia.
- SEGUNDO PARCIAL OU PROBA GLOBAL: No segundo exame, que se realizará a finais de abril, avaliarase a outra metade dos contidos, no caso de ter aprobado o primeiro parcial, ou o total dos contidos, se o alumno/a non superou o primeiro parcial.

A nota da materia calcularase do xeito seguinte:

- Se o alumno/a aproba os dous parciais a nota da materia pendente será a media aritmética da nota acadada nos dous parciais.
- Se o alumno/a non aproba o primeiro parcial, a nota da materia pendente será a do exame global.

Se o alumno/a entrega os exercicios, a nota da materia calcularase:
 $0,30 \cdot \text{NOTA FICHAS} + 0,70 \cdot \text{NOTA EXAME}$, cando esta opción sexa a máis favorable.

Se o alumno/a aprobou a primeira avaliación do curso actual, o cálculo da nota da materia será:
 $0,90 \cdot \text{NOTA EXAME} + 1$ punto.
 $0,30 \cdot \text{NOTA FICHAS} + 1$ punto + $0,60 \cdot \text{NOTA EXAME}$, cando esta opción sexa a máis favorable.

Se o alumno/a non consegue superar a materia na convocatoria de Abril, poderá facer unha proba global en xuño. Neste caso a nota da materia será a mellor entre a nota acadada na convocatoria de Abril e a de xuño.



PROCEDIMENTO PARA A RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES QUE
CORRESPONDEN AO DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

RELACIÓN DE CONTIDOS:

	PRIMEIRO PARCIAL	SEGUNDO PARCIAL
1º ESO	UD 1. Divisibilidade de números naturais. Potencias e raíces. UD 2. Números enteiros. UD 3. Fraccións. UD 4. Proporcionalidade e porcentaxes. UD 5. Iniciación á linguaxe alxébrica. UD 6. Ecuacións de primeiro grao cunha incógnita.	UD 7. Elementos básicos da xeometría do plano. UD 8. Medida de ángulos, perímetros e superficies no plano. UD 9. Poliedros, cálculo de áreas e volumes. UD 10. Coordenadas cartesianas. Concepto de función. UD 11. Funcións lineais. UD 12. Estatística descritiva
2º ESO	UD 1. Números enteiros. UD 2. Fraccións e decimais. UD 3. Potencias e raíces. UD 4. Proporcionalidade e porcentaxes. UD 5. Iniciación á linguaxe alxébrica. UD 6. Ecuacións de primeiro grao cunha incógnita. UD 7. Ecuacións de segundo grao cunha incógnita.	UD 8. Sistemas de ecuacións lineais. UD 9. Coordenadas cartesianas. Concepto de función UD 10. Funcións lineais UD 11. Probabilidade. UD 12. Estatística descritiva. UD 13. Triángulos rectángulos. Teorema de Pitágoras.
3º ESO Académicas	UD 1. Números racionais e irracionais. Potencias e raíces. UD 2. Expresións alxébricas. Polinomios. Factorización. UD 3. Ecuacións de primeiro e segundo grao. UD 4. Sistemas lineais de ecuacións. UD 5. Sucesións. Progresións aritméticas e xeométricas UD 6. Funcións. Estudo de gráficas de funcións.	UD 7. Funcións afíns e lineais. Funcións cuadráticas. Representación e estudo. UD 8. Experimentos aleatorios. Sucesos e Espazo mostral. Regra de Laplace. UD 9. Estatística unidimensional. UD 10. Xeometría no plano. Teorema de Tales. Semellanza de triángulos. UD 11. Movementos no plano. UD 12. Xeometría no espazo. Áreas e volumes.
3º ESO Aplicadas	UD 1. Números racionais. UD 2. Potencias de expoñente enteiro. Notación científica. UD 3. Expresións alxébricas. Polinomios. Operacións con polinomios. UD 4. Ecuacións de primeiro grao. UD 5. Ecuacións de segundo grao. UD 7. Sistemas de ecuacións lineais. UD 8. Función real de variable real.	UD 9. Función lineal. UD 10. Función cuadrática. UD 11. Variables estadísticas e gráficos. UD 12. Parámetros de posición e de dispersión. UD 13. Xeometría do plano. Semellanza e figuras planas. UD 14. Movementos no plano. UD 15. Xeometría no espazo

(recortar por aquí)

Eu _____

pai/nai/titor/a do alumno/a _____

Recibin a información relativa á recuperación da materia MATEMÁTICAS PENDENTE.

Data: _____

Asinado: _____